



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

Este curso corresponde realizar eleccións aos Consellos Escolares; as datas de celebración das mesmas están fixadas na Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 180, do 18 de setembro de 2024). Celebraranse entre os **días 18 e 22 de novembro** de 2024, ambos os dous incluídos.

As eleccións son cada dous anos, polo que corresponde realizalas neste curso 2024/25. Só se renova unha parte do Consello Escolar. No noso caso cómpre realizar a renovación dos seguintes membros do consello Escolar:

- Representantes do profesorado: 4 persoas.
 - Representantes do alumnado: 2 persoas.
 - Representantes dos pais e nais: 1 persoa.
-
- A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que estará integrada pola directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do alumnado, designados os tres últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes. *(Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto).*

Dito sorteo realizarase **o venres 18 de outubro, ás 11 horas.**